

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, ten competencia exclusiva no fomento da cultura en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2º da Constitución.

O desenvolvemento das funcións en materia de promoción cultural, así como a execución dos correspondentes programas da súa competencia, exixen a dispoñibilidade de datos actualizados das entidades e asociacións que, a estes efectos, manteñan relación cos servizos administrativos centrais ou provinciais. Con isto se cumpre, á súa vez, a dobre finalidade dun mais rigoroso coñecemento, dunha parte, da realidade asociativa galega no ámbito sociocultural e, de outra, racionalizar e axilizar os procesos económico-administrativos, evitando reiteradas peticións de datos de identificación nos casos que así o requiran.

Neste Decreto intégranse a Orde de 29 de outubro de 1986, pola que se establece o censo de asociacións e entidades culturais de Galicia, excepto o seu artigo 1 que ao criar este censo permanece en vigor, e a Resolución de 26 de marzo de 1987, da Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico-Artístico, pola que se desenvolve o artigo 4 de dita orde pola que se establece o censo de asociacións e entidades culturais.

Por todo isto, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día un de febreiro de dous mil un, dispoño:

Artigo 1. Adscrición do censo de asociacións e entidades culturais.

O censo de asociacións e entidades culturais de Galicia levarase na correspondente unidade do centro directivo competente en materia de asociacións culturais, segundo o previsto na estrutura orgánica da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de cultura, encargándose dita unidade da súa custodia así como de efectuar a inscrición no mesmo, resolvendo o titular do referido centro directivo.

Artigo 2. Suxeitos inscribíbeis no censo.

1. Poderán solicitar inscribirse no censo as persoas xurídicas legalmente constituídas, que figuren nos rexistros correspondentes e que estexan radicadas en Galicia, sempre que os seus estatutos recoñezan expresamente, de modo xeral e específico, os fins culturais da entidade en calquera dos campos, modalidades ou manifestacións do ámbito artístico-cultural, a promoción, a investigación ou conservación do patrimonio cultural galego e a acción sociocultural.
2. As entidades que reúnan os requerimentos anteriormente citados e estexan radicadas fóra do territorio de Galicia poderán igualmente solicitar a súa inscrición sempre que do seu obxecto, expresado nos estatutos, se deduza claramente o seu interese para Galicia.

Artigo 3. Solicitudes de inscrición.

As solicitudes de inscrición conforme ao modelo que figura no anexo I poderán presentarse en calquera dos lugares recollidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Comun, acompañadas da seguinte documentación:

- a) Recoñecemento da inscrición polo organismo no que se formalice o seu rexisto.
- b) Copia dos estatutos.
- c) Cédula de identificación fiscal.

Artigo 4. Clasificación das entidades do censo.

1. O centro directivo competente realizará a correspondente clasificación, notificando ás entidades inscritas os números e claves da súa identificación no censo.
2. Dito centro directivo aplicará, a efectos de clasificación, as claves que figuran no anexo II.

Artigo 5. Código de identificación do censo.

1. Finalizada a clasificación, procederáse a asignar con carácter provisional o código de identificación do censo (CIC), que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e notificarase aos interesados.
2. As entidades interesadas dispoñen dun prazo de trinta días para formular, ante o centro directivo competente, as propostas de modificación ou rectificación dunha ou varias das claves asignadas. Transcorrido este prazo, considerarase firme a inscrición das entidades que non formulen proposta de modificación.

Artigo 6. Inscricións en trámite.

Nas súas relacións co centro directivo competente, as asociacións e entidades poden facer figurar a expresión «en trámite», con plena validez, en relación coa inscrición no censo, sempre que tal situación sexa documentalmente demostrábel.

Artigo 7. Inscrición nunha só modalidade.

Cando unha asociación ou entidade estexa incluída en máis dunha modalidade ou especialidade das que figuran no anexo II, será clasificada e inscrita por aquela que constitúa a súa denominación estatutaria ou, no seu defecto, polo que se considere que define de forma máis comprensiva e específica os seus fins e actividades.

Artigo 8. Denegación da inscrición.

Se unha asociación ou entidade non reune as condicións e requirimentos para a súa inscrición no censo, se lle notificará por resolución motivada ao interesado.

O prazo de resolución é de tres meses, transcorrido dito prazo sen resolución expresa, entenderase estimada a solicitude de inscrición. Contra tal resolución poderase recorrer en alzada perante o conselleiro competente en materia de cultura no prazo dun mes.

Artigo 9. Inscrición de entidades federadas e de asociacións con varias sedes.

A inscrición dunha federación non excluí a das entidades que a integran, que poderán facelo por separado. En caso das asociacións que teñan implantación en varios concellos ou provincias, inscreberase unicamente a referencia do domicilio ou sede principal.

Artigo 10. Orde de asignación das claves de identificación.

A asignación das claves de identificación, que conxuntamente integran o CIC, seguirá esta orde:

I.Clase:

Referencia ao seu grao de autonomía ou especialidade respecto ao referido censo.

II.Grupo:

En función dos fins xerais ou específicos. Inclúe tamén as federacións e as radicadas fora de Galicia.

III.Modalidade:

Descrición xenérica da súa actividade.

IV.Especialidade:

Descrición específica.

V.Provincia:

Onde teña a súa sede ou domicilio social.

VIN.Concello:

Onde teña a súa sede ou domicilio social.

Artigo 11. Información ás delegacións provinciais.

O centro directivo competente fará chegar ás correspondentes delegacións provinciais notificación polo de todas as actuacións producidas na tramitación e curso das inscricións no censo referidas ao seu ámbito territorial.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.

A inscrición no censo constitui requerimento necesario para ter acceso ás subvencións convocadas en materia de promoción cultural.

Ademáis das bases concretas de convocatoria de cada axuda, lémbrese que a norma xeral reguladora de toda convocatoria de subvencións públicas por parte da Xunta de Galiza é o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 238, do 11 de decembro).

Segunda.

As entidades e asociacións inscritas no censo non terán a obriga de presentar na convocatoria das subvencións os documentos exixidos no artigo 3 do presente Decreto.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

única.

Fican derogadas a Orde de 29 de outubro de 1986, pola que se establece o censo de asociacións e entidades culturais, excepto o artigo 1 polo que se crea o censo, e a Resolución de 26 de marzo de 1987, da Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico-Artístico, pola que se desenvolve o artigo 4 de dita Orde.

DISPOSICIÓN FINAIS.

Primeira.

Facúltase ao conselleiro competente en materia de cultura, para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do presente Decreto.

Segunda.

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».